



BONOS CORAZÓN **PRAZA DE ABASTOS**

**SE TES UN COMERCIO
OU UN LOCAL DE HOSTALERÍA
ABÓNATE Á CAMPAÑA**



+info: bonoscorazoncompostela.gal

1. QUE SON OS BONOS CORAZÓN PRAZA DE ABASTOS?

O programa de Bonos Corazón Praza de Abastos é unha iniciativa do Concello de Santiago para incentivar a actividade económica mediante o cofinanciamento de **bonos para o consumo no comercio e na hostalería da Praza de Abastos**.

2. COMO FUNCIONAN OS BONOS?

Cada cliente/a poderá descargar ata **3 bonos cofinanciados nun 40% polo Concello de Santiago** e nun 60% pola persoa solicitante. Hai tres tipos dispoñibles:

- **Bono de 75 €** (IVE incluído): 45 € ponos a persoa usuaria, 30 € o Concello.
- **Bono de 50 €** (IVE incluído): 30 € ponos a persoa usuaria, 20 € o Concello.
- **Bono de 30 €** (IVE incluído): 18 € ponos a persoa usuaria, 12 € o Concello.

Pódese escoller libremente entre calquera das modalidades e tamén solicitar máis dun bono da mesma clase.

O importe dos bonos irase consumindo nas compras de bens ou de servizos que se realicen nos establecementos adheridos ao programa **antes do 31 de agosto de 2022**, ata esgotar o saldo.

3. QUEN PODE ADHERIRSE AO PROGRAMA?

Todos os establecementos comerciais e de hostalería (pemes ou autónomos) que teñan a sede da súa actividade na Praza de Abastos.

4. COMO SUMARSE AO PROGRAMA?

Entra na web **www.bonoscorazoncompostela.gal** e rexistra o teu negocio indicando os seus datos.

5. COMO SE REALIZARÁ O COBRO DOS BONOS?

As persoas beneficiarias dos bonos pagarán as súas compras no establecemento cun código QR a través da aplicación do programa.

Os negocios recibirán semanalmente o importe equivalente aos bonos trocados a través da conta que indiquen no proceso de inscrición.

O límite máximo de bonos para trocar nun establecemento está fixado en 15.000 € (IVE incluído). A través da plataforma do programa, cada negocio asociado poderá consultar o seu histórico de vendas, os pagamentos realizados e demais detalles de cada operación.

**ENTRA XA EN WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL
E REXÍSTRATE!**





+info: bonoscorazoncompostela.gal